

**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de CIEFP**

Modelo MD71ACP01

Guía do profesorado de nova incorporación

CIEFP: Fraga do Eume

Curso: 2022 - 2023

Índice

1	Introdución.....	4
2	Información xeral do CIFP.....	5
	2.1. Calendario escolar.....	5
	CALENDARIO DE AVALIACIÓNS.....	6
	PERIODOS DE FCT.....	7
	2.2. Oferta educativa.....	7
	2.3. Horario do profesorado.....	9
	2.4. Horario do centro.....	9
	2.5. Documentación do centro.....	9
	2.6. Caderno de aula.....	10
	2.7. Manual de conexión á wifi.....	11
	2.8. Aulas.....	11
	2.9. Biblioteca.....	11
	Obxectivos:.....	11
	Normas xerais de comportamento na biblioteca:.....	11
	Préstamos en biblioteca.....	12
	2.10. Aparcadoiro do persoal.....	13
3	Organigrama do CIFP.....	13
4	Política de calidade.....	14
	Misión da política de calidade.....	14
	Visión da política de calidade.....	14
	Valores da política de calidade.....	15
5	Resumo do procedemento de acollemento do persoal.....	15
6	Normas xerais de funcionamento.....	17
	6.1. Xestión docente.....	18
	6.2. Xestión titorial.....	18
	6.3. Xestión de falta do alumnado.....	19
	6.4. Profesorado de garda.....	22
	FUNCIÓNS:.....	22
	6.5. Xestión de incidencias: Mantemento e Tics.....	23
7	Planos do CIFP.....	23
8	Plan de autoprotección.....	26
	Por parte do profesorado.....	26
	Por parte do ALUMNADO:.....	27
9	Permisos e licenzas.....	27
10	Situación sanitaria.....	28
11	Anexos.....	28
	Anexo I: Guía de acceso á documentación no repositorio.....	28
	29
	Anexo II: Estrato da 'Guía I-SY de xestión do profesorado' relativo ao caderno de aula, descarga en XADE da listaxe de grupo e xestión de Faltas no XADE.....	29
	Procedemento para descargar a lista do grupo no Xade.....	30



Teclea no explorador da Internet a seguinte dirección web: www.edu.xunta.gal/xade.....30

Procedemento para cargar as faltas no Xade.....31

.....31

Anexo III: Impresos de permisos e licencias do profesorado.....33

.....35

Anexo IV: Táboas de tarefas do profesorado, titorías e titorías de FCT.....35

.....36

.....36





1 Introducción

O Cifp Fraga do Eume está situado na vila de Pontedeume, na Avenida Ricardo Sánchez, ao pé da estrada nacional que une as cidades de Ferrol e A Coruña, e lindeira co IES Breamo co cal comparte espazos. O Instituto de Educación Secundaria “Fraga do Eume” é un centro público e, como tal, gratuito; dependente da Consellería de Educación e O.U. que abriu as súas portas no ano 1987. En Xullo de 2021, o Ies Fraga do Eume transfórmase en CIFP.

O espazo físico do centro consta dun edificio de planta baixa e dous pisos onde se imparte docencia. O centro dispón tamén de pavillón polideportivo, pista de hoquei, balonmán e baloncesto e aulas específicas de biblioteca, informática, tecnolóxica, emprendemento, viveiro de empresas, recepción de hotel, aulas-taller de cociña, cafetería, comedor, restaurante, lavandería e habitación de hotel para prácticas de aloxamentos.

O Centro encóntrase enmarcado no seguinte ámbito:

Xeográfico: O municipio de Pontedeume ocupa a beira meridional da ría de Ares formada polo río Eume. Forma parte da comarca do Eume xunto con outros municipios como é Monfero, Capela, As Pontes e Cabanas.

En canto a infraestruturas, temos varias opcións para achegarnos ao centro destacando a nacional 651 de Ferrol a Betanzos e a autoestrada do Atlántico. Ademais, existen estradas secundarias como a LC 152 Cabanas - As Pontes, Pontedeume - Miño pola costa e outras de carácter local.

Tamén podemos achegarnos a través do ferrocarril xa que Pontedeume está situado na liña Betanzos - Ferrol.

O municipio de Pontedeume localízase no golfo Ártabro onde podemos distinguir dúas áreas xeográficas.

A costa é xeralmente abrupta e alta, coa praia de Ber como accidente máis significativo. A parroquia de Andrade é a única que non se encontra dentro desta división xa que é a máis afastada da costa.

A poboación alcanza os 8.881 habitantes, cunha densidade de 292 habitantes por quilómetro cadrado. A principal concentración se da na vila, con 4.607 habitantes; o resto atópase diseminado polos 29,5 quilómetros cadrados da superficie do municipio.

Socioeconómico: Algo máis da metade da poboación activa traballa no sector terciario (o porto, o comercio, os servizos persoais e recreativos, hostalería, ensinanza, administración pública, finanzas e transporte interior) que en termos porcentuais representa o 52,4% do total. Na rama industrial, á que se dedica o 31,3% das persoas activas, destacan as actividades derivadas dos sectores de produtos primarios madeira e leite, así como as artes gráficas. Na construción emprégase o 10% da poboación ocupada do municipio.



A agricultura xa non ocupa unha importante posición no municipio, so o 4,8% da ocupación. Desenvólvese basicamente no grupo familiar, cunha dedicación de tempo parcial. A gandería apenas ten importancia e a actividade pesqueira e marisqueira é case residual, ocupando moi poucas persoas na actualidade.

Cultural: O grao de cualificación profesional aumentou considerablemente. Case o 30% do total da poboación ocupada son traballadoras e traballadores cualificados na industria.

Laboral: Da análise da poboación ocupada segundo a situación socioprofesional, extraese que o grupo abertamente maioritario é o das persoas asalariadas, o 76% sendo o 55,5% asalariados fixos e o 25,5% restante, eventuais.

En Pontedeume púxose en marcha un Parque Empresarial con dúas importantes empresas xa instaladas e unha capacidade de ampliación do solo ata as 800 Has. Este dispositivo permítelle desenvolver as ofertas do seu tecido produtivo.

2 Información xeral do CIFP

2.1. Calendario escolar

CALENDARIO ESCOLAR 2022-2023

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO						
L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4					1	2								
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
							31													

DECEMBRO							XANEIRO							FEBREIRO						
L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4						1			1	2	3	4	5	
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	27	28					
							30	31												

MARZO							ABRIL							MAIO						
L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D	L	Ma	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4	5					1	2							
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	29	30	31				

XUÑO						
L	Ma	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

- Inicio da actividade lectiva
- Fin da actividade lectiva
- Fin do Período de adaptación (4º Ed. Infantil)
- Vacacións escolares
- * Pendente de confirmación.

PERÍODOS DE VACACIÓNS E DÍAS NON LECTIVOS

- Festivo nacional: 12 de outubro
- Día do ensino: 31 de outubro
- Festivo nacional: 1 de novembro
- Festivo nacional: 6 de decembro
- Festivo nacional: 8 de decembro.
- Vacacións de Nadal: dende o 23 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.
- Vacacións de Entroido: 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.
- Vacacións de Semana Santa: dende o día 03 de abril ata o 10 de abril de 2023, ambos inclusive.
- Día das Letras Galegas: 17 de maio.
- Festivos locais: 8 e 29 de setembro de 2022.

CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

Avaliacións iniciais: 13 e 15 de Outubro								
Avaliacións trimestrais								
Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
1ª Avaliación: Do 19 ao 21/12/2022 - Réximes ordinario e oferta modular - Final ordinaria/extraordinaria FCT Entrega cualificacións: 22/12/2022			2ª Avaliación: Do 20 ao 22/03/2022 - 1º curso réxime ordinario, oferta modular. - 2º curso réxime ordinario (previo a FCT). Entrega cualificacións: 23/03/2022 Avaliación final módulos FPB2 previa á FCT: 12 de abril. Entrega de cualificacións: 13 de abril			3ª Avaliación: Do 06 ao 08/06/2022 -1º curso réxime ordinario e oferta modular. Entrega cualificacións.09/06/2022 Avaliación final: - 1º e 2º cursos réxime ordinarios e oferta modular: 23 e o 26 de xuño de 2022. Entrega de cualificacións e informes individualizados: 27/06/2022 Avaliación final módulos FPB1: 07/06/2022 Entrega de cualificacións: 08/06/2022 Probas finais de convocatoria extraordinaria FPB1: 20 a 22/06/2022 (Desaparece a convocatoria de setembro)		

PERIODOS DE FCT

Setembro – decembro 2022	Do 01/10/2022 ao 18/12/2022. Ciclos 2.000 h. (410h)
	Do 03/10/2022 ao 04/12/2022. (320h)
Xaneiro – marzo 2023	Do 09/01/2023 ao 21/03/2023. Ciclos 2.000h. (410h)
	Do 09/01/2023 ao 12/03/2023. (320h)
Abril – xuño 2023*	Do 27/03/2023 ao 18/06/2023. Ciclos 2000h. (410h)
	FP Básica do 17/04/2023 ao 18/06/2023. (320h)

*Lémbrese que dende o día 1 de setembro de 2022 ata o inicio das actividades lectivas, profesorado dos centros docentes públicos, ben individualmente ben formando parte dos órganos de coordinación didáctica correspondentes, baixo a dirección das persoas responsables, colaborará na adaptación da programación xeral anual e na revisión dos proxectos educativos e das concrecións dos currículos, participará nas reunións de ciclos, departamentos, claustros e en aquelas outras actividades relacionadas coa organización do curso que sexan da súa competencia. Neste período, o profesorado, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do profesorado titor que corresponda, adicaráse a adaptar e, no seu caso, elaborar, a programación didáctica das áreas, materias, ámbitos ou módulos dos ensinamentos correspondentes considerando as propostas de mellora contempladas nas memorias de final de curso e a organizar o curso escolar. A xefatura de estudos velará polo cumprimento destas actividades de inicio de curso. (Orde 20 de Maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia).

2.2. Oferta educativa

FP	OFERTA EDUCATIVA CIFP FRAGA DO EUME. CURSO 2022 / 2023					
	CICLO FORMATIVO	CÓDIGO	RÉXIME	MODALIDADE	QUENDA	PRAZAS
HOSTALARÍA E TURISMO	Axencia de viaxes e xestión de eventos	CSHOT02	Ordinario	Presencial	Diúrno	30
	Xestión aloxamentos turísticos	CSHOT01	Ordinario	Presencial	Diúrno	30
	Dirección de cociña	CSHOT04	Ordinario	Presencial	Diúrno	22
	Dirección de servizos de restauración	CSHOT05	Ordinario	Presencial	Diúrno	22
	Servizos Restauración en	CMHOT02	Ordinario	Presencial	Diúrno	22
	Cociña e Gastronomía	CMHOT 01	Ordinario	Presencial	Diúrno	22
	Cociña e Gastronomía	ZMHOT 01	Adultos	Presencial	Vespertino	22
	Xestión aloxamentos turísticos	CSHOT01	FP Dúal	Presencial	Diúrno	13
	Fp Básica Cociña e Restauración	CBHOT01	Ordinario	Presencial	Diúrno	22
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	Panadaría, Repostaría e Confeitaría	CMINA01	Ordinario	Presencial	Diúrno	22

A continuación, explícase a oferta educativa a modo de resumo:

Formación Profesional

A formación profesional é un conxunto de accións formativas que capacitan para o exercicio dunha profesión, preparan para o acceso ao emprego e facilitan a adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida.

Esta modalidade de estudos ofrece unha base sólida xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o produtivo, aspecto que se trata de garantir, combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas.

Está estruturada nun conxunto de ciclos formativos, tanto de grao medio como de grao superior, cunha organización en módulos e con contidos teórico-prácticos que teñen como finalidade a adquisición das competencias necesarias para unha inserción laboral satisfactoria e o desempeño de diversas profesións.

Se precisades de máis información:

http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Orientacion/folletos_informativos/conece_a_fp.pdf

FP Básica

A Finalidade da FP Básica é a de:

1. **Facilitar a permanencia do alumnado** no sistema educativo e ofrécelle maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
2. **Alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida** para proseguir estudos de ensinanza secundaria pos obrigatoria ou facilitar a súa transición cara á vida activa. **Alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida** para proseguir estudos de ensinanza secundaria pos obrigatoria ou facilitar a súa transición cara á vida activa.

Probas libres

As probas libres teñen por finalidade permitir ás persoas participantes obteren directamente algún dos títulos de técnico ou de técnico superior de formación profesional, sempre que demostren ter alcanzados os obxectivos establecidos na citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a formación profesional, así como os fixados no currículo respectivo.

Acreditación de competencias

Un dos fins do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional é o de avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional, calquera que fose a súa forma de adquisición. A avaliación e a acreditación da competencia profesional adquirida a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación débese desenvolver seguindo criterios que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, e que terá como referente o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais

Cursos AFD

Estes cursos son accións formativas para a promoción do emprego, fundamentalmente xuvenil. Estas accións de formación profesional conforma nun dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade.

2.3. Horario do profesorado

O horario individual de cada profesor será entregado pola xefatura de estudos no mes de setembro.

2.4. Horario do centro

O CIFP Fraga do Eume ten os seguintes horarios:

- O centro está aberto de 09:00 a 22:00.
- O horario de atención ao público na secretaría é de 9:00 a 13:00 horas. Ademais, os martes e mércores aténdese de 16:30 a 18:30 en xornadas lectivas.
- O horario das clases:
- Réxime ordinario de mañá: de 09.00 a 15:25 (recreo de 12:00 a 12:25). Habará grupos que poidan ter clases pola tarde de 16:00 ás 21:00 horas.
- Réxime adultos modular de tarde: de 17:00 a 22:00 horas.

2.5. Documentación do centro

O centro Fraga do Eume, como Centro Integrado de Formación Profesional, está suxeito a unha normativa para dar cumprimento ao Sistema de Xestión de Calidade conforme á ISO 9001.

En virtude do anterior, toda a documentación necesaria para dar cumprimento á normativa atópase no repositorio de calidade habilitado pola Consellería nunha plataforma corporativa.

* Pódese consultar o repositorio documental no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.es/educalidade/>

Unha vez aberta a páxina, débese premer na esquina superior dereita nunha icona redonda e verde e introducir o usuario e contrasinal do correo corporativo da conta de edu.xunta.gal.

Unha vez dentro, na marxe esquerda, na pestana de DOCUMENTACIÓN aparecen os seguintes apartados:

- Lexislación: contén os textos legais básicos e un Word con links ás páxinas estatal e autonómica onde hai un maior repositorio e actualizado de lexislación.
- Manual de Calidade: contén o manual de calidade.
- Manual de Procedementos: que contén a súa vez varias carpetas:
 - DOCUMENTACIÓN CENTRO: documentos xerais de centro: plan de autoprotección, guías, Programacións de áreas, Memorias...
 - DOCUMENTACIÓN CALIDADE: documentos e formatos actualizados polo sistema de xestión de calidade.

- TITOR FCT: documentos e formatos que dende o departamento de Relación con empresas se manda a todos os titores e titoras de FCT.
- TITOR: formatos necesarios para cumprir coa labor titorial (avaliación inicial, elección de delegado, reunións...).
- XEFATURA DE DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS: formatos necesarios para cumprir coa labor DA XEFATURA (reunións, programacións, memorias, mantemento...).
- DOCUMENTACIÓN ALUMNADO *PRACTICUM*: documentos que poden ser necesarios para este alumnado.

As carpetas son en formato comprimido ZIP e se deben descargar. No Anexo I, pódese atopar unha guía para facilitar o acceso.

Ademais, existen catro tipos de documentos:

- Os documentos cuxa codificación comeza por “PR...” son procedementos e indican as responsabilidades dos membros da organización, os modelos documentais que se deben empregar e como se realizan eses procedementos.
- Os documentos cuxa codificación comeza por “IT...” son as instrucións técnicas, nas que se explican con maior detalle certos aspectos dalgúns procedementos.
- Os documentos cuxa codificación comeza por “MD...” son os modelos documentais necesarios para desenvolver o procedemento. Outros modelos de formato libre, específicos de cada centro ou que non están no alcance da Norma ISO 9001:2015 poden non estar nesta páxina.
- Os documentos que non teñen codificación son modelos de referencia que non forman parte do sistema de xestión baseado na Norma EN ISO 9001:2015 ou son opcionais.

O profesorado será informado de calquera cambio que se produza durante o curso a este respecto.

2.6. Caderno de aula

É unha ferramenta de aula para que o profesorado leve rexistro das accións e actividades do proceso educativo: listaxes e fichas de alumnado, control de faltas, cualificacións, seguimento de contidos ou actividades de aula, etc.

O caderno de aula ten formato libre pero deberá conter a seguinte información:

- Horario de grupo e profesor
- Listaxe de grupos/orla
- Ficha de alumno/a
- Cualificacións
- Traballo/actividades/exames realizados polos alumnos ata a data.

2.7. Manual de conexión á wifi

Todo o persoal con conta de correo corporativo ten acceso libre á *wifi*. Só deberá de buscar a *wifi* edu.xunta.es no buscador e entrar co contrasinal do correo corporativo.

Se se precisa máis información dispórase do “Manual de Instrucións para todo usuario con conta corporativa” que se atopa á vosa disposición no repositorio de documentación do centro na dirección:

<https://www.edu.xunta.es/educalidade/>

2.8. Aulas

No Centro atopámonos con diversas aulas: teóricas e prácticas (tecnolóxica, emprendemento, lavandería, cociña, comedor, pastelería), aulas de informática, así como outros espazos de uso común como a sala do profesorado, situada no primeiro andar, para o uso do profesorado.

A súa distribución, tanto física como en horario, e as normas de funcionamento de cada unha delas será dada a coñecer pola xefatura de departamento correspondente e, no caso de espazos comúns, pola Dirección do centro.

2.9. Biblioteca

O CIFP Fraga do Eume entende a súa biblioteca como un espazo de uso común que debe ser respectado ao máximo por todos os membros da comunidade educativa por tratarse dun punto de encontro de usuarios afeccionados á lectura, alumnado que desexa estudar, alumnado que utiliza os equipos informáticos para a realización de traballos, profesorado que desexa traballar con grupos de alumnado, etc.

Obxectivos:

- Asegurar a toda comunidade educativa o acceso ao fondo de recursos bibliográficos e multimedia dos que dispón a nosa biblioteca.
- Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e información.
- Recompilar toda a documentación existente no centro, así como os materiais e recursos didácticos relevantes.
- Promover este espazo como punto de expansión, lecer, etc. mesturando o coñecemento coas inquiredanzas do alumnado. Punto neurálxico do centro, promovendo accións interdisciplinares.

Normas xerais de comportamento na biblioteca:

- a. Cómpre apagar os móbiles antes de entrar na biblioteca.
- b. É obrigatorio gardar silencio na biblioteca e respectar ás persoas que están traballando nela.
- c. Non se permite introducir comidas ou bebidas en ningunha zona da biblioteca, agás unha botella de auga.

- d. É obrigatorio respectar e conservar as instalacións, mobiliario e fondos documentais.
- e. Está prohibido subliñar, pintar ou esgazar deliberadamente calquera dos seus elementos.
- f. A extracción sen autorización da biblioteca de calquera documento suporá a aplicación das sancións correspondentes.
- g. Os usuarios e usuarias non poden alterar a disposición dos mobles.
- h. A biblioteca non se fai responsable dos obxectos persoais dos usuarios e usuarias.
- i. Non está permitida a reserva de postos de lectura.
- j. O usuario ou usuaria ten a obriga de reintegrar o documento solicitado nas mesmas condicións físicas en que se lle prestou.
- k. En caso de perda ou deterioro dos fondos, o usuario/a estará obrigado/a a restituír unha obra idéntica á desaparecida ou deteriorada, ou no seu defecto, abonar o importe do documento. En tanto no se cumpra este requisito, o usuario/a quedará suspendido/a de préstamo. En tanto no se cumpra este requisito, o usuario/a quedará suspendido de préstamo.
- l. O profesorado de garda é o responsable do proceso de entrega e devolución dun documento polo que en ausencia do mesmo non se poderán retirar libros da biblioteca.
- m. Os alumnos e alumnas que utilicen os computadores, deberán apuntar nun caderno situado no mostrador de recepción, o seu nome, o número de computador e a hora en que o utilizaron.


Préstamos en biblioteca.

- a. Só o profesorado de garda de biblioteca poderá realizar préstamos dos fondos da biblioteca.
- b. Antes de realizar o préstamo, o profesorado de garda debe comprobar que o usuario ou usuaria non ten máis de tres libros pendentes de devolución. Se un usuario/a ten fondos pendentes de devolución, non poderá levar prestado mais de tres, non tendo dereito á renovación.
- c. Os fondos a disposición do alumnado serán libros, vídeos e DVD . Non se prestarán o resto de materiais especiais almacenados e catalogados na biblioteca como os libros marcados como non prestables, as coleccións ou as revistas.
- d. Os prazos de préstamo serán de 15 días para o alumando, podendo levar até 3 libros ou fondos por persoa non podendo prorrogarse este prazo ata transcorrer unha semana dende a súa entrega. Só os membros do club de lectura poderán ter en préstamo catro libros.
- e. No caso de que algún alumno ou alumna continúe sen devolver o fondo prestado despois de ser avisado na súa titoría e o período de retención do mesmo supere os 40 días, o caso será levado a Xefatura de Estudos, para a súa sanción de acordo co regulamento do centro.

2.10. Aparcadoiro do persoal

O centro dispón dun aparcadoiro exterior (anexo ao centro) para o alumnado e visitas e dun aparcadoiro interior reservado para o persoal que traballa no mesmo, quedando prohibido aparcarse fóra das zonas habilitadas para cada colectivo. O persoal que precise facer uso de dito aparcadoiro pode solicitar un mando de apertura do portal na secretaría do centro baixo fianza de 30 euros.

3 Organigrama do CIFP



4 Política de calidade

O CIFP Fraga do Eume está inmerso na Rede de Centros Certificados coa norma ISO 9001.

Trátase dun sistema de traballo baseado nunha serie de procesos e procedementos de xestión establecidos para sistematizar a nosa labor profesional, cuxa finalidade é mellorar a satisfacción de toda a comunidade educativa (alumnos, familias, persoal docente e non docente) para garantir os dereitos dos usuarios.

Supón un reforzo na liña estratéxica establecida, ao permitir modernizar e facer máis eficaces os sistemas de educación e formación profesional; mellorar a articulación entre o ensino, a formación e o emprego; vincular a educación formal e non formal e desenvolver a concesión de cualificación sobre a base da experiencia adquirida.

Misión da política de calidade

- Establecer unha oferta de Formación Profesional modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e da Formación Profesional.
- Prestar servizos de información e de orientación profesional ás persoas para tomar as decisión máis axeitadas respecto da súa carreira profesional.
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de FP e ámbito produtivo sectorial e local.
- Fomentar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
- Facilitar o acceso á mocidade ao primeiro emprego, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores/as, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.
- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de iniciativa emprendedora, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto internacional.

Visión da política de calidade

Como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionarase unha formación integral ao alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que se ofrecerá unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á obtención de títulos de FP e á acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas da contorna.

Valores da política de calidade

Orientar as accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade.
- Mellorar a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, promovendo un sistema de calidade total, co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.
- Lograr a satisfacción da comunidade buscando atender as súas necesidades e/ou expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores dos nosos centros.
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica como nas innovacións tecnolóxicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo da contorna (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de FP
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais
 - Orientación profesional
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.

5 Resumo do procedemento de acollemento do persoal

Primeiramente o profesorado de nova incorporación debe pasar por SECRETARÍA onde se lle habilitará o correo corporativo, se tramitará a alta no XADE e se fará a toma de posesión.

De seguido será acollido polo Equipo Directivo, en concreto por XEFATURA DE ESTUDOS, que é responsable de:

- Dar a benvinda.

- Explicar o funcionamento do XADE: acceso, faltas, informes predefinidos e 6% para apercibimento da perda de avaliación continua (poderase substituír polo envío de arquivo explicativo que se proxecta no primeiro claustro).
- Explicar a xestión das accións complementarias á formación (ACFs).
- Explicar a xestión de faltas de profesorado: faltas, permisos e licenzas.
- Facer o rexistro de alta no sistema de fichaxe por pegada dixital.
- Facer entrega do mando para a entrada ao aparcadoiro (CONSERXERÍA).
- Entregar o horario.
- Explicar as funcións do profesor ou profesora de garda, biblioteca e corredores (cando no horario consten esta asignación)
- Introducir a figura da Xefa de Calidade e Innovación e información do seu horario para empregar a unha xuntanza. Enviaráselle un email a esta xefatura co nome do profesor novo.
- Introducir a figura de Orientación e informar do seu horario para empregar a unha xuntanza.

Ademais do anterior, se o novo ou nova docente é titor ou titora se lle explicará:

- FCT (Introdución á figura da coordinación de FCT e horario).
- Orlas, listados e autorización imaxe persoal.

Finalmente se presenta ao persoal de CONSERXERÍA quen o acompañará ao departamento correspondente.

De seguido o XEFE DE DEPARTAMENTO deberá:

- Presentar o Departamento.
- Visitar talleres e aula onde se impartirá docencia.
- Entregar de chaves segundo o caso.
- Explicar a xestión de compras.
- Tomar datos para a xestión departamental: teléfono e email de contacto.
- Facilitar o traspaso de material, programacións, caderno de aula, libros... se o profesor ou profesora é substituto.
- Explicar datos básicos da programación: trazabilidade da nota.
- Reiterar o coidado de materiais.

En días posteriores, o profesorado novo deberá ter unha xuntanza co ORIENTADOR, quen explicará:

- A xestión das validacións.
- Protocolo de actuación no caso de detectar alumnado con NEE.
- Explicación do Libro de titoría en caso de ser titor (Calendario de reunións, convocatorias e reunións mensuais co equipo docente, xestión de PD e baixas, Xestión das avaliacións, Programa Abalar, Plan de Acción Titorial, elección do delegado). Entrega de guía resumida de titor.
- Outros protocolos de actuación específicos que se consideren oportunos.

Fin do acollemento realizarase coa XEFATURA DE CALIDADE E INNOVACIÓN:

- Explicación do Organigrama e Política de Calidade do CIFP.
- Explicación de Programas Internacionais (Erasmus: profesorado e alumnado, este último importante se é titor/ora).
- Explicación da Coordinación de Formación (plan de formación, FPprofe, estadias formativas).
- Información sobre o repositorio de Calidade: Explicación das carpetas dispoñibles: documentos de Centro (entre elas as guías de profesorado e alumnado, NOF, Normas de Convivencia, Plan de acción titorial), Calidade, Titoría FCT, Lexislación, Profesorado en prácticas, Practicum,...
- Información sobre o Sistema de Xestión de Calidade: auditorías, procedementos, enquisas,...
- Explicación do caderno de aula (horario, orla, actividades da aula, ficha alumnado, faltas, calendario e probas, programación, seguimento programación,...). Entrega de guía resumida de profesor.
- Xestión incidencias informáticas.
- Tramitación a través da coordinación de TICs da alta na aula virtual.
- Confirmación do traspaso de documentación a profesorado substituto (caderno de aula).
- Aclaración de dúbidas
- Realización da enquisa de acollemento

NOTA: Se o profesorado se incorpora ao inicio de curso asistirá a unha xornada conxunta de benvida onde se lle fará a presentación de xefatura de estudos, orientación e calidade.

6 Normas xerais de funcionamento

Segundo a LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, publicada no DOG do 15 de xullo de 2011, o título segundo ocúpase de definir os dereitos e

deberes que corresponden aos distintos membros da comunidade educativa. No seu Artigo 8 recolle os dereitos e deberes do profesorado.

As NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO do noso centro están recollidas no NOF e deseñadas para garantir o respecto entre todos os membros da comunidade educativa, así como favorecer e potenciar un ambiente educativo axeitado para acadar un óptimo aproveitamento dos recursos ao alcance do noso alumnado.

As nosas NORMAS DE CONVIVENCIA pertencen ao NOF onde se recollen os dereitos e deberes do alumnado, normas de comportamento no centro e na aula, responsabilidade no caso de condutas contrarias á convivencia e as medidas correctoras, así como a prevención e tratamento da situación de acoso escolar.

6.1. Xestión docente

Ao longo do curso, deberanse levar a cabo certas accións que serán puntualmente avisadas por Xefatura de Estudos tipo, elaboración e seguimento de programacións, avaliacións, elaboración de memorias... Ademais das propias do labor docente como impartir clase, seguimento da aula, preparación/realización/corrección de tarefas e exames...

Para o desenvolvemento destas accións a modo de consulta e de xeito temporalizado, dispónse dunhas táboas que permiten o coñecemento das mesmas por posto segundo sexa profesor, titor, titor FCT... ditas táboas atópanse no Anexo IV.

A Guía de procedementos é unha ferramenta sinxela feita para axudar a cumprimentar os documentos que o profesorado do CIEFP ten que desenvolver ao longo do curso. Pódese consultar no espazo web de <https://www.edu.xunta.es/calidade/> e a continuación seguir a seguinte ruta: Documentación - Manual de procedementos - Documentos do centro – Guías.

6.2. Xestión titorial

O PAT responde ás directrices marcadas na ORDE do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento dos centros integrados de formación profesional na comunidade autónoma de Galicia. Na citada Orde, establécense as liñas prioritarias que debe incluír o Plan de Acción Titorial, especificando os aspectos que debe contemplar.

Inclúe as funcións da titoría, actividades e actuacións ao longo do curso.

O PAT é un documento guía no traballo da titorización do alumnado desenvolvido polo departamento de orientación para facilitar esta tarefa. Dispoñible para o profesorado no espazo web de calidade <https://www.edu.xunta.es/calidade/> ao que se accede con usuario e contrasinal do correo corporativo, e a continuación seguir a ruta: Documentación - Manual de procedementos – Titor.

6.3. Xestión de falta do alumnado

1. O profesorado controlará a asistencia a clase do alumnado de xeito sistemático, faltas que serán reflectidas na aplicación XADE a lo menos semanalmente. Ver ANEXO II estrato da “Guía de xestión do profesorado” relativo ao caderno de aula, descarga en XADE da listaxe de grupo e xestión de Faltas no XADE.
2. Cada profesor/a informará o/a titor/a das faltas acumuladas polo alumnado para a xestións dos informes relativos a Apercibimentos e Comunicacions de Anulación, Perda dereito avaliación continua, Baixas, etc. do alumnado da súa titoría.
3. Todo o profesorado do grupo está implicado no rexistro das faltas (de puntualidade, de asistencia e de orde).
4. As actividades que sexan de obrigada asistencia (conferencias, xornadas, presentacións...), trataranse a todos os efectos como sesións lectivas.
5. Enviaranse comunicacións preferentemente a través de abalar, aos pais e/ou nais ou tutores/as legais do alumnado menor de idade.
6. O alumnado que xustifique as faltas de asistencia terá que entregar ao profesorado titor o xustificante que exprese os motivos da súa ausencia, no prazo de 3 días desde a súa ausencia. A aceptación dos xustificantes así como a súa validez corresponderalle, en primeiro lugar, o/a titor/a, que poderá solicitar colaboración, se é o caso, a xefatura de estudos.
7. O profesorado titor poderá aceptar a xustificación das faltas de asistencia segundo o procedemento establecido no CIFP. No caso dun largo período de ausencia por enfermidade ou dunha falta previsible, os pais e/ou nais ou tutores/as legais do alumnado menor de idade comunicaranos ao profesorado titor correspondente ou á xefatura de estudos.
8. O módulo de FCT, de ser o caso, recibirá o mesmo tratamento.
9. Procedemento recollido nas NOF.

No que se refire a este proceso debemos saber que:

- Os primeiros días de clase cada profesor debe incidir no número de horas que ten o seu módulo e en función das cales o alumno/a pode incorrer no apercibimento ou perda de avaliación continua.
- Cada profesor/a é o responsable de rexistrar as faltas correspondentes ás sesións do seu módulo en xade, como mínimo, semanalmente.
- Cada profesor/a será encargado/a de comunicar ao titor/a de cada grupo acerca de aqueles alumnos/as que acadan o 6% de faltas sen xustificar (no caso do apercibimento) ou o 10% de faltas sen xustificar (no caso de perda de avaliación continua) no seu módulo, para que o titor poida xestionar o apercibimento ou perda de avaliación que correspondan e **deste 10% polo ampliarse un 5% mais para faltas xustificadas**. É importante resaltar que para poder cursar estes apercibimentos ou perdas definitivas, as faltas deben estar cargadas no xade semanalmente e comunicadas ao alumnado, preferentemente por Abalar.

XESTIÓN	DEFINICIÓN	XUSTIFICACIÓN FALTAS	PROCEDEMENTO
ANULACIÓN MATRÍCULA	<p>Non asistencia do alumnado os 5 primeiros días lectivos.</p> <p>O centro a través da Dirección e previa comunicación da situación por parte do titor do alumno/a, requirirá por escrito a súa inmediata incorporación; o/a alumno/a disporá dun prazo máximo de tres días para incorporarse as clases. En caso de non facelo, agás causa debidamente xustificada, procederase á anulación da súa matrícula.</p>	Motivos persoais: saúde e/ou imperativo legal	<p>- O profesorado informará ao Titor/a, o 5ª día de comenzo das clases, do alumnado que non asistiu a clase os 5 primeiros días lectivos.</p> <p>- O Titor/a informará a dirección do centro da situación ao seguinte día de recibida a información dos profesores/as, e procederase a cursar o apercibimento da anulación da matrícula, e de non incorporarse ou xustificar a ausencia o alumno/a en 3 días procederase a facer a comunicación da anulación de matrícula.</p>
BAIXA DE OFICIO	<p>Número de faltas INJUSTIFICADAS superior a 15 días lectivos consecutivos (apercibimento por escrito ós 10 días de non asistencia), ou 25 días lectivos descontinuos.</p>	Motivos persoais: saúde e/ou imperativo legal,.	<p>- O profesorado informará ao Titor/a da non asistencia e cargará as faltas en Xade en tempo e forma.</p> <p>- O Titor/a presentará o modelo Apercibimento/Comunicación de Baixa na Secretaría do centro: Modelo apercibimento: MD85AUL03 Modelo comunicación: MD85AUL04 A Dirección do centro cursará o Apercibimento/Baixa de Oficio.</p>
